

FAMILIA BORAXINACEAE

Xénero Echium

***Echium rosulatum* Lange**

Borraxa



DESCRICIÓN E IDENTIFICACIÓN

Perenne, erecta, con un ou varios talos floríferos que xorden da mouta basal. Inflorescencias longamente pediceladas. Flores violáceas, coa corola rosácea e cigomorfa, con estames sobresaíndo. Florece en abril-agosto, en toda Galicia.

Xénero Pentaglottis

***Pentaglottis sempervirens* (L.)Tausch ex L.H. Bailey**

Buglosa



DESCRICIÓN E IDENTIFICACIÓN

Anuais a perennes, vivaz, moi híspida, con talos floríferos. Follas agudas con peciolo longo. Inflorescencias cimosas e azuis. Florece en abril-xuño, en lugares sombrizos ou humidos.

Texto adaptado, procedente de: García, X. R. (2008). Guía das plantas de Galicia (1^a ed.). Vigo: Xerais.

Ilustracións: Antía Ares Carril